



FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

**MÁSTER OFICIAL
ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS.
IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS**

**A Igrexa e a espiritualidade
medieval**

Profesoras

Elvira Fidalgo Francisco

M^a Luz Ríos Rodríguez

M^a Dolores Fraga Sampedro (coordinación)

Marta Cendón Fernández

GUÍA DOCENTE REVISADA E MATERIAL DIDÁCTICO

2021/2022



FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

AUTORES: Elvira Fidalgo; M^a Luz Ríos Rodríguez; M^a Dolores Fraga Sampedro; Marta Cendón Fernández

Edición electrónica. 2021

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: P5091202
- Tipo de materia: optativa
- Número de créditos teóricos e prácticos: 6 créditos ECTS
- Cuadrimestre: 2º
- Prerrequisitos recomendados:
 - Capacidade de lectura en linguas diferentes, empregando edicións bilingües cando sexa posible.
 - Boa disposición á lectura e o comentario.
- Profesores que a imparten (indicando a área de coñecemento a que están adscritos):

Elvira Fidalgo Francisco (Filoloxía Románica)
Mª Luz Ríos Rodríguez (Historia Medieval)
Mª Dolores Fraga Sampedro (Historia da Arte)
Marta Cendón Fernández (Historia da Arte)
- Lingua(s) en que se imparte: Castelán, Galego
- Horas e lugar de titorías:

Dra. Elvira Fidalgo Francisco (elvira.fidalgo@usc.es)
despacho 207 (Facultade de Filoloxía)
Titorías: pendente de asignación

Dra. Mª Luz Ríos Rodríguez (marialuz.rios@usc.es)
despacho 229 (Facultade de Xeografía e Historia)
Titorías: pendente de asignación

Dra. M. Dolores Fraga Sampedro (mdolores.fraga@usc.es)
despacho 208 (Facultade de Xeografía e Historia)

Titorías: pendente de asignación

Dra. Marta Cendón Fernández (marta.cendon@usc.es)

Despacho 30 (Facultade de Xeografía e Historia)

Titorías: luns e martes, 11-14 h.

- Páxina web recomendada: <http://www.usc.es/filrom/teaching/master/>
- Calendario e horario detallado de clases, modificado según clases on-line. Véxase o último apartado da guía onde se especifica organigrama detallado da materia.

2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

No estudo dos procesos históricos, na vida e percepción de seus protagonistas (con identidade manifesta ou anónima) é indispensable a indagación na espiritualidade medieval, posto que o seu descoñecemento implicaría unha visión sesgada da Idade Media. En Occidente, esta dimensión ligase á Historia do Cristianismo, a vida da Igrexa e os modelos de fe propostos. Neste sentido, a materia orientase ao estudo do concepto de santidade dende as súas orixes, a través das fontes textuais (Actas de canonización, lendas, textos haxiográficos, crónicas...) e a súa plasmación en referentes visuais. Formúlase a análise das peculiaridades iconográficas que axudan a reconstruír a historia e as fontes perdidas, e a investigación de textos e imaxes, na súa transmisión e recepción polo conxunto da sociedade. Outros aspectos a estudiar, derivados da intensificación da espiritualidade por parte dos laicos, é o desenvolvemento de movementos heréticos e o nacemento da Inquisición.

O estudo desta materia é importante para aqueles alumnos preocupados na adquisición dunha formación e especialización na Idade Media xa que complementa unha visión global e integradora da cultura europea medieval nas súas diversas manifestacións, principal obxectivo deste máster interdisciplinar. A través do estudo da evolución da Igrexa e os seus modelos de Santidade dende unha metodoloxía innovadora (na interacción texto-imaxe-proceso histórico) preténdese:

- capacitar os alumnos para abrir vías de investigación novedosas nesta área de estudio
- posibilitar que os seus traballos revisen o patrimonio cultural medieval nas súas diversas manifestacións (textuais, artísticas) de forma crítica
- deste modo, contribúan ao desenvolvemento cultural europeo mediante a correcta valorización do legado medieval.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

- Dar a coñecer, a grandes trazos, o marco histórico-cultural do cristianismo desde as súas orixes ata a Idade Media.

- Estudar o concepto e evolución da santidade, así como a producción literaria que xera tanto en latín como nas diferentes linguas románicas e a súa manifestación na arte medieval.
- Analizar a tipoloxía das vidas de santos e das coleccións de milagres, centrando a atención en Santiago e María.
- Dar a coñecer a intensificación de vivencias espirituais por parte dos laicos que desembocan en ocasións en herexías.
- Dar a coñecer o desenrollo das herexías no contexto da relixiosidade baixomedieval e a resposta da Igrexa para fixar a ortodoxia.
- Estudar a figura de santos cruciais para o desenvolvemento da arte medieval en xeral, tais como san Bieito e san Francisco e as respectivas ordes que fundaron.
- Analizar o proceso evolutivo na iconografía do Santo na Idade Media, dende a interdisciplinariedade das fontes textuais.
- Estudar a iconografía de san Francisco e os seus frades como reflexo da integración da Orde na espiritualidade e a sociedade baixomedieval.
- Observar as peculiaridades dos mosteiros femininos mendicantes e a súa singularidade
- Estudar as manifestacións da devoción a finais da Idade Media.

4. CONTIDOS, TEÓRICOS E PRÁCTICOS

1) O CRISTIANISMO E A PRODUCIÓN HAXIOGRÁFICA DESDE AS SÚAS ORIXES ATA A IDADE MEDIA.

- 1.1. Acheitamento ás orixes do cristianismo.
- 1.2. Definición de santo/santidade. Evolución do concepto de santidade (mártires, ascetas. Bispos, “Reis santos”). As reliquias. A predicación.
- 1.3. Haxiografía en latín e linguas romances. Evolución e tipoloxía dos textos haxiográficos: martiroloxios, pasionarios, *Vitae, legenda, miracula*. O *Liber Sancti Iacobi*.
- 1.4. Irrupción da figura da Virxe na corrente haxiográfica. As coleccións de milagres marianos:
 - 1.4.1. Mariais latinos
 - 1.4.2. Mariais romances
 - 1.4.2. Mariais universais e “de santuario”
 - 1.4.3. As *Cantigas de Santa María: liber miraculorum* e fonte documental.

2) ESPIRITUALIDADE E HEREXÍA

2.1. Movimentos de pobreza voluntaria

 2.1.1. Pobres e pobreza

 2.1.2. Imitación da vida apostólica

2.2 Herexía e Inquisición

 2.2.1. Concepto de herexe e herexía

 2.2.2. Fixación da ortodoxia

 2.2.3. Espazos e cronoloxía

2.3. Cátaros e Valdenses

 2.3.1. Perfiles e peculiaridades

 2.3.2. Conflito e incidencia socio-política

2.4. Espirituais franciscanos e laicos no seu arredor

 2.4.1. Singularidades e figuras

 2.4.2. Apostólicos e dolcinianos

2.5. Espiritualidade feminina e herexía

 2.5.1. O papel da muller dentro da herexía

 2.5.2. Alguns exemplos

3) ARTE, DEVOCIÓN E PREDICACIÓN. DA SANTIDADE MONÁSTICA Á MENDICANTE.

3.1. Santidade monástica, santidade mendicante. Fontes textuais e iconográficas para o retrato dos seus fundadores

3.2. Haxiografías mendicantes e imaxes na difusión das devocións: a codificación dos episodios e a problemática na transmisión da imaxe

3.3. Propostas femininas na espiritualidade mendicante: espazos e imaxes

4) OS SANTOS E A MORTE. TEXTOS E IMAXES COMO REFLEXO DAS DEVOCIÓNIS NA IDADE MEDIA.

4.1. Cando a morte se achega.

4.2. As devocións dos bispos no final da Idade Media

a) Os Apóstolos

- b) A Virxe
- c) Os Pais da Igrexa
- d) Os fundadores de Ordes
- e) Outros santos relacionados coa morte
- f) Os santos pertencentes ás Ordes Mendicantes
- g) Santos locais

4.3. A escultura funeraria episcopal como reflexo de devocións

5. BIBLIOGRAFÍA

Recoméndase ó alumno a lectura de obras antes de comezar as leccións desta materia. A continuación, sinálase a bibliografía básica, dividida en catro grandes bloques correspondentes coa organización dos contidos. Ante a situación de excepcionalidade debida a cuarentena, engadimos alguhas obras referenciais que se atopan on-line, pero mantemos tamén a bibliografía de consulta directa na biblioteca para axudar ao proceso formativo dos alumnos, ao rematar esta situación de emergencia.

Lecturas recomendadas:

Vauchez, A., *La espiritualidad del occidente medieval*, Cátedra, Madrid, 1995.

Outras lecturas recomendadas:

García de Cortázar, José Ángel, *Historia religiosa del Occidente Medieval: años 313-1464*, Madrid, Akal, 2012.

Lenzenweger, J., Stockmeier, P., Amon, K., Zinhobler, R., (dir.), *Historia de la Iglesia católica*, Barcelona, 1989, pp. 231-398.

Fernández Conde, Francisco Javier, *La religiosidad medieval en España: Alta Edad Media (siglos VII-X)*, Gijón, Trea, 2008.

Fernández Conde, Francisco Javier, *La religiosidad medieval en España, Plena Edad Media (siglos XI-XIII)*, Gijón, Trea – Oviedo, EDIUNO, 2005.

Fernández Conde, Francisco Javier, *La religiosidad medieval en España: Baja Edad Media (siglos XIV-XV)*, Gijón, Trea, 2011.

Mitre Fernández, E., *Las claves de la Iglesia en la Edad Media (313-1492)*, Planeta, Barcelona, 1991.

1) O CRISTIANISMO E A PRODUCIÓN HAXIOGRÁFICA DESDE AS SÚAS ORIXES ATA A IDADE MEDIA

Bacci, M., *Lo spazio dell'anima. Vita di una chiesa medievale*, Roma-Bari: Laterza, 2005.

Baños Vallejo, F., *La hagiografía como género literario en la Edad Media. Tipología de doce Vidas individuales castellanas*, Oviedo: Universidad de Oviedo, 1989.

Baños Vallejo, F., “El conocimiento de la hagiografía medieval castellana. Estado de la cuestión”, en Marc Vitse, coor., *Homenaje a Henri Guerreiro: la hagiografía entre historia y literatura en la España de la edad Media y del Siglo de Oro*, 2006, pp. 65-96.

<http://www.vallenajerilla.com/berceo/banosvallejo/hagiografiacastellana.htm>

- Barnay, S., *El cielo en la tierra. Las apariciones de la Virgen en la Edad Media* [trad. G. Rosón], Madrid: Ediciones Encuentro, 1999.
- Boesch Gajano, S., *La santità*, Roma-Bari: Laterza, 1999.
- Dubois, J. – J. L. Lemaire, *Sources et méthodes de l'hagiographie*, Paris, Cerf, 1993.
- Fidalgo, E., *Cantigas de Santa María*, Vigo, Xerais, 2002.
https://www.academia.edu/9699871/As_Cantigas_de_Santa_Maria
- Fidalgo, E. (coord.), *As Cantigas de Loor de Santa María*. Edición e comentario, Xunta de Galicia, Santiago, 2004. https://www.academia.edu/9694099/As_Cantigas_de_Loor_de_Santa_Mar%C3%ADa
- Fidalgo, E., “La gestación de las *Cantigas de Santa María* en el contexto de la escuela poética gallego-portuguesa”, *Alcanate*, 8, 2012-2013, pp. 17-42.
https://www.academia.edu/9693687/La_gestaci%C3%B3n_de_las_Cantigas_de_Santa_Mar%C3%A1_en_la_corte_alfons%C3%ADa_Gonzalo_de_Berceo_Milagros_de_Nuestra_Se%C3%B1ora
- Goodich, M. E., *Miracles and Wonders. The development of the concept of miracle, 1150-1350*, Aldershot-Burlington, Ashgate, 2007.
- Grégoire, R., *Manuale di agiologia. Introduzione alla letteratura agiografica*, Fabriano: Monastero san Silvestre Abate, 1987.
- Il grande libro dei santi* (3 vols), Edizioni San Paolo, Roma, 1999.
- Kieckhefer, R., “Imitators of Christ: Sainthood in the Christian Tradition”, en *Sainthood: Its Manifestations in World Religions*, Berkeley, University of California Press, 1990, pp. 1-43.
- La leyenda dorada. Santiago de La Virginea* (J.M. Macías, trad..), Madrid, Taurus, 1982.
- Longo, U., *La santità medievale*, Roma, Jouvence, 2007.
- Mettmann, W., *Alfonso X, el Sabio. Cantigas de Santa María*, Madrid: Castalia, 1986-89. 3 vols.
- O’ Callaghan, J., *Alfonso X and the Cantigas de Santa María. A poetic Biography*, Brill, Leiden-Boston-Köln, 1998.
- Parkinson, S.- D. Jackson, “Collection, Composition and Compilation in the *Cantigas de Santa María*”, *Portuguese Studies*, 22, 2006, 159-172.
- Philipart, G., *Les légendiers latins et autres manuscrits hagiographiques*, Brepols: Turnhout, 1977 [col. Typologie des sources du Moyen Age Occidental, 24/25].
- Pietri, C., “L’évolution du culte des saints aux premiers siècles chrétiens: du témoin à l’intercesseur”, en *Les fonctions des saints dans le monde occidental (IIIe-XIIIe siècles). Actes du colloque organisé par l’École française de Rome avec le concours de l’Université de Rome ‘La Sapienza’ (Rome, 27-29 octobre 1988)*, Roma, Palazzo Farnese, École Française de Rome, 1991, pp. 15-36.
- Puech, H.-Ch., *Storia del cristianesimo* [trad. M.N. Pierini], Roma-Bari: Laterza-Mondadori, 2003.
- Simonetti, M. – E Prinzivalle, *Storia della letteratura cristiana antica*, Casale Monferrato, PIEMME, 1999.

2) ESPIRITUALIDADE E HEREXÍA

- Amores Bonilla, P. A. “Revolución o levantamiento. La herejía milenarista de los apostolici “. *Historias del Orbis Terrarum*, nº 23, 2019, 139-169. Disponible en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7198125>
- Arcelus Ulibarrena, J.M., *Visionarios y MSS. Proféticos (ss. XIV-XV) en los reinos hispánicos: Traducción y manipulación*, Saarbrucken: Editorial Académica Española, 2013.
- Bailey, M. D. and Sean L. F. (ed.), *Late medieval heresy: new perspectives: studies in honor of Robert E. Lerner*, York, York Medieval Press, 2018.
- Barber, M., *The Cathars: dualist heretics in Languedoc in the High Middle Ages*, Harlow, England, Longman, 2000
- Cathars in question*. Ed by A. Sennis. York: York Medieval Press, 2018.
- Duvernoy, J., *Inquisition à Pamiers: cathares, juifs, lépreux : devant leurs juges*, Toulouse : Privat, 1985.
- Grau Torras, S., *Cátaros e Inquisición en los reinos hispánicos (siglos XII-XIV)*, Madrid: Cátedra, 2012.
- Graña Cid, Mª Mar, “Vivir la vida celestial: caridad y acción social en beguinas y beatas (siglos XIII-XV)”, en *Estudios Eclesiásticos*, vol. 93, n. 366, 2018, 511-550.

- La represión de la disidencia religiosa: de la Inquisición Medieval a la Moderna. *Clio & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, nº 2, 2005. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/revista/5974/A/2005>
- Lambert, M., *Medieval heresy: popular movements from the gregorian reform to the reformation*, Oxford, Blackwell, 1994 Las Herejías Medievales. *Clio & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, nº 1, 2004. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/revista/5974/A/2004>
- Late medieval heresy: new perspectives: studies in honor of Robert E. Lerner*, York: York Medieval Press, 2018.
- Leff, G., *Heresy in the later Middle Ages: the relation of heterodoxy to dissent: c. 1250-c. 1450*, Manchester: University Press, 1967.
- Lerner, R. E., *The heresy of the Free Spirit in the Later Middle Ages*, Notre Dame, Ind: University of Notre Dame Press, 2007
- Magia, superstición y brujería en la Edad Media. *Clio & Crimen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, nº 8, 2011. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/revista/5974/A/2011>
- Mitre Fernández, E. “Al margen del valdismo y del catarismo religiosidades “desviadas” y movimientos populares del Occidente (Panorama histórico y elenco bibliográfico)”, *Norba: Revista de historia*, nº 21, 2008, 181-203. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3209783>
- Mitre Fernández, E. “La disidencia religiosa en el bajo medievo: ¿Una forma de contestación social?”, *Edad Media: revista de historia*, nº 4, 2001, 37-58. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=209662>
- Moore, R.I., *The war on heresy: faith and power in medieval Europe*, London, Profile, 2012
- Nieto-Isabel, D.I., «Qui spiritus ambo sunt unum». La red de espiritualidad beguina del Languedoc a inicios del siglo XIV”, en Blanca Garí, coor., *Redes femeninas de promoción espiritual en los reinos hispánicos*, Viella, 2013.
- Ortega Martín, E. “Heterodoxias medievales. La herejía del año mil en la Edad Media”, *Proyección: Teología y mundo actual*, nº 274, 317-332. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7076084>
- Ortega Martín, E. “Heterodoxias medievales. El libre espíritu, el misticismo herético y Joaquín de Fiore”, *Proyección: Teología y mundo actual*, nº 276, 65-80. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7358841>
- Pou y Martí, J.M., *Visionarios, beguinatos y fraticelos catalanes*, Madrid: Colegio “Cardenal Cisneros”, 1991.
- Ríos Rodríguez, Mª L., “Conventualismo y manifestaciones heréticas en la Baja Edad Media”, en *III Semana Estudios Medievales. Nájera 1992*. Logroño: Instituto de Estudios Riojanos, 1993, pp. 129-160. <http://www.vallenajerilla.com/berceo/florilegio/riosrodriguez/convenherejias.htm>
- Santonja, P. “Mujeres religiosas: Beatas y Beguinas en la Edad Media. Textos satíricos y misóginos”, *Anales de la Universidad de Alicante: Historia Medieval*, 14, 2003-2006, 209-228. Disponible en: https://dialnet.unirioja.es/buscar/documentos?querysDismax.DOCUMENTAL_TODO=santonja%2C+pedro
- Santonja, P. “Fancesc Eiximenis y su época: finales del siglo XIV y principios del siglo XV”, *Azafea: revista de filosofía*, nº 2, 1989, 19-35. Disponible en: https://dialnet.unirioja.es/buscar/documentos?querysDismax.DOCUMENTAL_TODO=santonja%2C+pedro
- Schmitt, J.-C., *Mort d'une hérésie: l'Eglise et les Clercs Face aux Béguines et aux Bégards du Rhin Supérieur du XIV au XV siècle*, Paris, Mouton, D.L. 1978
- Sparks, C., *Heresy, Inquisition and life cycle in medieval Languedoc*, Woodbridge, York Medieval Press, 2014
- Schmitt, J. C. “¿Hubo imágenes heréticas en la Edad Media?”, *Revista Estudios*, nº 27, 2013, 8-24. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=24164>
- Vauchez, A. *Les Hérétiques au Moyen Âge. Suppôts de Satan ou chrétiens dissidents*. CNRS Editions, Paris 2014.

3) ARTE, DEVOCIÓN E PREDICACIÓN. DA SANTIDADE MONÁSTICA Á MENDICANTE

Andrade Cernadas, J.M.: *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos X al XIII)*. A Coruña, 1997.

Andrade Cernadas, J.M., "Faint black, brilliant white: from the weakness of Cluny to the strength of the Cistercians (Galicia and Portugal, twelfth and thirteenth centuries)", en *Journal of Medieval Iberian Studies* 2017, 1-21

<http://dx.doi.org/10.1080/17546559.2017.1312480>

Azpiroz Costa, A., *Libro de las constituciones y ordenaciones de los frailes de la Orden de Predicadores*, Roma, Curia generalicia, 2014.

<https://www.dominicos.org/media/uploads/recursos/libros/constituciones.pdf>

Butler, C.: *Monacato benedictino*. Zamora, 2001.

Colesanti, G.M.; Garí, B.; Jornet-Benito, N.: *Clarisas y dominicas. Modelos de implantación, filiación, devoción y promoción artística en la Península Ibérica, Cerdeña, Nápoles y Sicilia*. Firenze, 2017.
<https://core.ac.uk/download/pdf/154815441.pdf>

Colombás, G.M. y Aranguren, J., eds: *Regla de san Benito*. Madrid, 1993 (4º reimpr., 2006).
http://www.catedralesgoticas.es/pdf/regla_san-benito.pdf

Espiritualidad y Franciscanismo. VI Semana de Estudios medievales. Nájera 31 julio – 4 agosto 1995, Logroño: Instituto de Estudios Riojanos, 1996.

Fraga Sampedro, Mª D.: "Il pellegrinaggio jacopeo e il Santo d'Assisi. Tradizioni e immagini francescane nell'area geografica ispanica", en *Compostella. Rivista del Centro Italiano di Studi Compostellani - Università degli Studi di Perugia* 35, 2014, 13-39.

Frugoni, Ch., *Francesco e l'invenzione delle stimmate. Una storia per parole e immagini fino a Bonaventura e Giotto*, Torino: Einaudi, 1993.

Graña Cid, Mª Mar, Espacios de vida espiritual de mujeres (1260-1550), Tesis Doctoral, Córdoba, 2008. 3vol. <https://eprints.ucm.es/54927/1/T30953.pdf>

Knowless, D., "Los siglos benedictinos. La primera expansión", en *El monacato cristiano*, Madrid, 1969, pp 36-53 <http://www.bibliotecagonzalodeberceo.com/berceo/knowles/primeraeexpansionbenedictina.htm>

García Oro, J., *San Francisco de Asís en la España medieval*, Santiago: CSIC, 1988.

Guerra, J. A. (ed.), *San Francisco de Asís. Escritos. Biografías. Documentos de la época*, Madrid: BAC, 2006. [otras versiones de las fuentes para el estudio de la Orden: <http://www.franciscanos.org/esfa/menud2.html>]

Lawrence, C. H.: *El monacato medieval*, Madrid: Gredos, 1999.

https://kupdf.net/queue/lawrence-c-h-el-monacato-medieval-forma-de-vida-religiosa-en-europa-occidental-durante-la-edad-mediapdf_5a30c1e9e2b6f51d0479592c.pdf?queue_id=-1&x=1585352462&z=NzcuMjcuMTI4LjI0OQ==

Lucía Gómez-Chacón, D., "Santo Domingo de Guzmán", en *Revista digital de iconografía medieval* V, 10, 2013, 89-106.
<https://www.ucm.es/data/cont/docs/621-2013-12-14-09.%20Santo%20Domingo%20de%20Guzm%C3%A1n.pdf>

Manso Porto, C., *Arte gótico en Galicia: los dominicos*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993 [2 vols.]

Manso Porto, C., *El Arte de la Orden de Predicadores en la Galicia medieval*, Madrid, 2016.
https://www.academia.edu/29701625/El_Arte_de_la_Orden_de_Predicadores_en_la_Galicia_Medieval

Núñez Rodríguez, M., "El caballero, su panegírico y la conjuración del miedo", *Cultura, poder y mecenazgo. Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades* 10, 1998, pp. 361-388.
<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/4686>

Omaechevarría, I., *Escritos de santa Clara y documentos complementarios*, Madrid, BAC, 1993.

Transcripciones de los escritos, regla de santa Clara y otros en:

<https://www.franciscanos.org/esscl/menud2.html>

Pallares Méndez, M.C., *Historia das mulleres en Galicia. Idade Media*. [A Lama, Pontevedra]: Nigratrea, 2011.

Pérez Vidal, M., "Sancti Spiritus de Toro: arquitectura y patronazgo femenino", en *Líñoz* 14, 2008, 9-21. <https://dialnet.unirioja.es/revista/1706/A/2014>

Rodríguez Núñez, C.C., *Los Conventos femeninos en Galicia : el papel de la mujer en la sociedad medieval*. Lugo: Diputación Provincial, 1993.

Santo Domingo de Guzmán visto por sus contemporáneos, Madrid: BAC, 1947.

4) OS SANTOS E A MORTE. TEXTOS E IMAXES COMO REFLEXO DAS DEVOCIONES NA IDADE MEDIA

Beceiro Pita, I. (dir.): *Poder, piedad y devoción. Castilla y su entorno. Siglos XII-XV*, Sílex, Madrid, 2014.

Cendón Fernández, M., "Hagiografía en los sepulcros episcopales castellanos (ss. XIV-XV)", en *Hagiografía y archivos de la iglesia santoral hispano-mozárabe en las Diócesis de España, Memoria ecclesiae*, 25, 2004, 233-260. https://www.academia.edu/10703078/_Hagiografia_en_los_sepulcros_episcopales_castellanos_ss._XIV-XV

Cendón Fernández, M., "Maria y Iacobus en los Caminos Jacobeos". Actas del IX Congreso Internacional de Estudios Jacobeos, celebrado en Santiago de Compostela del 21 al 24 de octubre de 2015; Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2017.

https://www.academia.edu/34565793/_Maria_y_Iacobus_en_los_Caminos_Jacobeos_.Actas_del_IX_Congreso_Internacional_de_Estudios_Jacobeos_celebrado_en_Santiago_de_Compostela_del_21_al_24_de_octubre_de_2015_Xunta_de_Galicia_Santiago_de_Compostela_2017_ISBN_978-84-453-5249-6

Chiffolleau, J., *La comptabilité de l'au-delà*, Rome: École Française de Rome, 1980.

Ferrando Roig, J., *Iconografía de los santos*, Barcelona: Omega, 1950

Herklotz, I., "Sepulcra" e "Monumenta" del Medioevo, Roma: Rari Nantes, 1990 [Collana di Studi di Storia dell'arte, 5].

La mort au moyen âge. Colloque de la Société des Historiens Médiévistes de l'Enseignement Supérieur Public. Strasburg: Société savante d'Alsace et des régions de l'Est, 1975.

Les fonctions des saints dans le monde occidental (IIIe-XIIIe siècle). Actes du colloque organisé par l'École française de Rome avec le concours de l'Université de Rome "La Sapienza", Rome: École française de Rome, 1991 [Publications de l'École Française de Rome, 149]. https://www.persee.fr/issue/epr_0000-0000_1991_act_149_1

Mitre Fernández, E., *La muerte vencida. Imágenes e Historia en el Occidente Medieval (1200-1348)*, Madrid: Encuentro, 1988.

Panofsky, E., *Tomb sculpture*, London: Thames and Hudson, 1964.

<https://es.scribd.com/document/441988641/Tomb-sculpture-four-lectures-on-its-changing-aspects-from-ancie-pdf>

https://openlibrary.org/books/OI.24750232M/Tomb_sculpture

Réau, L., *Iconographie de l'art Chrétien*, Paris: Presses universitaires de France, 1955-1959.

Tenenti, A., *La vie et la mort à travers l'art du XV siècle*, Paris: L'Harmattan, 1983.

Vauchez, A., *La sainteté en Occident aux derniers siècles du Moyen Age*, Rome: École Française di Rome, 1981.

Algunos recursos en formato electrónico:

<http://www.netserf.org/>

<https://sourcebooks.fordham.edu/sbook.asp>

<http://franciscanos.org/frandp/menup.html>

<https://www.dominicos.org/estudio/biblioteca-virtual/>

6. COMPETENCIAS QUE SE DEBEN ACADAR

- Comprensión do proceso da creación dun mito relixioso e da produción literaria que este mito xera.
- Cristalización, expansión e metamorfose de modelos de santidade e o seu reflexo iconográfico no tránsito da Idade Meia temperá á Idade Meia plena.
- Comprensión da estrutura dos textos haxiográficos (vidas de santos, lendas, miraculos).
- Coñecemento de dous santos relevantes para a Cristiandade, san Bieito e san Francisco, a través das fontes haxiográficas e iconográficas e as interaccións entre imaxe e texto.
- Percepción da importancia e repercusión de san Bieito de Nursia e de san Francisco de Asís e as súas Ordes na espiritualidade baixomedieval a través da produción artística.
- Coñecemento das singularidades da espiritualidade mendicante feminina

- Análise das manifestacións relixiosas xeradas nas proximidades da morte. Afondamento nas devocións más difundidas nos séculos XIV e XV
- Afondamento nas devocións más difundidas nos séculos XIV e XV

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

- As clases teóricas están dirixidas á análise dos contidos do programa, pero complementaranse con unha proposta de lecturas que teñen por obxectivo enriquecer o discurso teórico e alentar o diálogo entre profesores e alumnos a través da aula virtual.
- Indicaranse recursos on-line, fontes literarias, documentais e gráficas, para o seu estudio, con acceso on-line ou facilitados en pdf, na aula virtual, polos profesores da materia.
- Realizaranse, con carácter obligatorio, algunas clases prácticas con desprazamento a un lugar que permita o estudo in situ do explicado na aula, sempre no suposto que se conceda subvención económica. Se terá lugar nunha data por confirmar e establecendo os cambios precisos co profesor que imparta docencia ese mesmo día, se fora necesario.
- As titorías diríxense ó seguimento e orientación dos traballos (directrices bibliográficas e metodolóxicas para a súa elaboración, resolución de dúbidas da materia ou do traballo...).

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Tódolos alumnos deben participar nas clases presenciais aportando os seus comentarios e observacións persoais ós temas desenvoltos. Tanto no exame dos textos como das imaxes, espérase do estudiante a competencia necesaria para poder aplicar os contidos teóricos ofrecidos e o seu recoñecemento nos exemplos prácticos. A participación activa do estudiante na aula equivalerá a un 30% da cualificación total.

O 70% restante obterase mediante a presentación dun traballo escrito proposto polos docentes. Na avaliación do traballo se valorará o grado de adecuación á materia. Entregarase unha copia do mesmo en papel a cada un dos profesores da materia e enviaráselles en pdf ó correo electrónico.

Data límite de entrega do traballo: **13 de maio (11 de xuño** para a segunda oportunidade)

O sistema de avaliación réxese polos mesmos criterios na primeira e segunda oportunidade.

Alumnos con dispensa oficial de asistencia a clases: serán avaliados polo traballo escrito individual (100%), indicado polos profesores da materia. Este sistema aplicarase nas dúas oportunidades posibles.

En todas estas tarefas que haberá de realizar o alumnado para a súa avaliación, e seguindo as indicacións da USC referidas ao plaxio e ao uso indebido das tecnoloxías, é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións*.

9. OUTRAS INFORMACIÓNS DE UTILIDADE

Recomendacións para cursar a materia:

- Asistencia e participación activa durante o curso.
- Lectura da bibliografía recomendada polos profesores.
- As lecturas deberán facerse de acordo co calendario fixado polos docentes para facilitar o correcto avance do programa.

ORGANIGRAMA DO DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PARA O ESTUDIANTE:

ACTIVIDADES	Horas presenciais	Horas non presenciais dirixidas	Horas de traballo autónomo	Total
Clases expositivas	18	---	20	38
Clases interactivas	24	15	30	69
Traballo escrito	-	12	25	37
Titorías	6	---	---	6
Total	48	27	75	150

O primeiro bloque temático, correspondente a “*O Cristianismo e a producción haxiográfica desde as súas orixes ata a Idade Media*” será desenvolvida pola profesora Elvira Fidalgo Francisco en diferentes sesións ata completar 2 ECTS do total da materia.

A profesora M^a Luz Ríos Rodríguez imparte o segundo apartado do programa, “*Espiritualidade e herexía*”, en diferentes sesións ata completar 1 ECTS do total da materia.

A Profesora M^a Dolores Fraga imparte o terceiro apartado do programa, “*Arte, devoción e predicación. Da santidade monástica á mendicante na arte medieval*”, en diferentes sesións ata completar 1 ECTS do total da materia.

A Profesora Marta Cendón imparte o último apartado do programa, “*Os santos e a morte. Textos e imaxes como reflexo das devocións ao final da Idade Media*”, en diferentes sesións ata completar 2 ECTS do total da materia.

TEMPORALIZACIÓN ORIENTATIVA

LUGAR: AULA 3 (LUNS E MARTES), AULA 6 (MÉRCORES)

DATA	Profesores y contidos
MARZO 2022	
Mércores 2	Introducción á materia

	Elvira Fidalgo: Tema 1
Luns 7	Elvira Fidalgo: Tema 1
Martes 8	Elvira Fidalgo: Tema 1
Mércores 9	Elvira Fidalgo: Tema 1
Luns 14	Elvira Fidalgo: Tema 1
Martes 15	Elvira Fidalgo: Tema 1
Mércores 16	Elvira Fidalgo: Tema 1
Luns 21	Mª Luz Ríos: Tema 2
Martes 22	Mª Luz Ríos: Tema 2
Mércores 23	Mª Luz Ríos: Tema 2
Luns 28	Mª Dolores Fraga: Tema 3
Martes 29	Mª Dolores Fraga: Tema 3
Mércores 30	Mª Dolores Fraga: Tema 3
ABRIL 2022	
Luns 4	
Martes 5	Marta Cendón: Tema 4
Mércores 6	Marta Cendón: Tema 4
SEMANA SANTA	NO LECTIVO
Luns 18	Marta Cendón: Tema 4
Martes 19	Marta Cendón: Tema 4
Mércores 20	Marta Cendón: Tema 4
Martes 26	Marta Cendón: Tema
Mércores 27*	A docencia destes días trasládase á saída cultural, conxunta e obligatoria entre as materias de Igrexa e a espiritualidade medieval e Sociedade feudal. Esta data confirmarase no inicio da materia.
Mércores 13 de maio	ENTREGA TRABALLO
Venres 11 de xuño	Entrega traballo (segunda oportunidade)

* A docencia destes días trasládase á saída cultural para visitar un lugar da xeografía galega representativo dos contidos da materia durante todo o día.

MATERIAIS DE APOIO

Os materiais de apoio facilitaránse aos alumnos a través da aula virtual.

ALGÚNS MATERIAIS DE APOIO PARA OS CONTIDOS DO APARTADO A PRODUCIÓN HAXIOGRÁFICA DESDE AS SÚAS ORIXES ATA A IDADE MEDIA.

Escolma de pasaxes dos seguintes textos:

Berger, R. - A. Brasseur, *Les séquences de Sainte Eulalie*, Genève: Droz, 2004.

Dubuis, J. - G. Renaud (eds.), *Martirologe d'Adon: ses deux familles, ses trois recensions*, Paris: CNRS, 1984.

Fay, P. B. (ed.), Guillaume de Saint-Pathus, *Miracles de Saint Louis*, Paris: Champion, 1932.

Fontaine, J. (ed.), Sulpice Sèvère, *Vie de Saint Martin*, Paris: Cerf, 1967-69.

Marina Sáez, M^a (trad.), San Agustín, *La ciudad de Dios*, Madrid: Gredos, 2007.

Oroz Reta, J. - M. A. Marcos Casquero (eds. y trads.), San Isidoro, *Etimologías*, Madrid: BAC, 2000.

Shmitt, J.-Cl., *Précher d'exemples. Récits de prédicateurs du Moyen Age*, Paris: Stock, 1985.

RECOMENDACIÓN S PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO MONOGRÁFICO INDIVIDUAL

En función do tema da súa elección, cada estudiante traballará **baixo a tutela dun dos profesores da materia**, e disporá de prazo ata o día **13 de maio (11 de xuño na segunda oportunidade)** para entregar a versión definitiva do traballo escrito, que deberá aterse ás seguintes pautas:

- **Advertencia preliminar** sobre plaxio e “autoplaxio”: Nos traballos das materias debe evitarse toda forma de plaxio e, mesmo, de autoplaxio. É dicir, non é lícito aproveitar partes duns traballos noutros ánda que sexan da autoría do mesmo estudiante. Terase especial vixilancia con esta práctica. Cando nun traballo se detecte máis dun parágrafo exacto ao escrito noutro traballo (total ou parcial), porase en coñecemento do estudiante para que o modifique. No caso de que non teña en conta estas indicacións, o traballo pode ser cualificado como Suspenso. En calquera caso, a consideración dos casos particularmente ambiguos queda sometida á decisión do grupo de profesores da materia.
- Trátase dun traballo de iniciación á investigación, polo que ten que combinar as observacións persoais co estado da cuestión sobre o tema.
- Resulta fundamental a observación atenta dos materiais obxecto de estudio.
- Non se debe abusar das citas bibliográficas extensas; é preferible recoller as ideas principais e remitir ás obras en cuestión para completar a información.
- Extensión máxima: quince folios, en letra de corpo 12, con interlineado de 1,5 liñas (agás para as notas a rodapé, que irán en corpo 10).
- Bibliografía: ó final do traballo, seguindo un dos seguintes modelos:
 - a) Apelido, N. (ano), *título*, lugar: editorial. // Apelido, N. (ano), “título”, *revista*, vol., pp. // Apelido, N. (ano), “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, pp.
 - b) Apelido, N., *título*, lugar: editorial, ano // Apelido, N., “título”, *revista*, vol., ano, pp. // Apelido, N., “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, ano, pp.
- Referencias bibliográficas no texto do traballo ou en notas a rodapé: abreviadas: a) Apelido, ano:pp.; b) Apelido, *tít.abrev.*, pp.
- Coidarase de xeito especial a redacción e a puntuación.

- Non pode faltar un índice ó principio do traballo, nin unha breve introducción que explique os obxectivos que persegue.

OBSERVACIÓN

PLAN DE CONTINXENCIA

“Escenario 2: distanciamento” definido pola USC

METODOLOXÍA DA ENSINANZA:

Combinarase a docencia presencial coa virtual.

1) A docencia expositiva será impartida maioritariamente de xeito virtual, a partires do emprego dos mecanismos tecnolóxicos postos a disposición pola USC: aula virtual da materia, correo electrónico institucional, ferramenta TEAMS para conexión síncrona, etc. A gravación de vídeos coas clases expositivas por parte do profesorado para seren postos a disposición do alumnado na aula virtual complementarase coa posibilidade de impartir algunas clases a través da ferramenta para video-conferencias e reunións TEAMS. Así mesmo, proporcionarase ao alumnado materiais bibliográficos e gráficos de apoio en formato pdf, ppt, así como enlaces a páxinas web e outros materiais audiovisuais on-line que sexan axeitados como complementos de carácter didáctico e formativo.

2) A docencia práctica interactiva será impartida maioritariamente de xeito presencial. Estas clases están pensadas cunha finalidade práctica e de participación activa do alumnado, polo que se conciben como foros de posta en común de conceptos e métodos de análise e estudio, de resolución de dúbihdas, e de ampliación e clarificación de determinados aspectos abordados nas clases expositivas, tendo como marco de desenvolvemento a presencialidade na aula. Estas clases prácticas interactivas de carácter presencial constituirán un mecanismo de avaliación continua dos coñecementos adquiridos polos alumnos ao longo das clases expositivas e de avance da súa aprendizaxe autónoma.

SISTEMA DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE:

Manterase o desenvolvemento dunha avaliación continua integrada por dous elementos complementarios:

1) O 30% da nota final da materia corresponderá á avaliación de pequenos ensaios de reflexión, comentarios, resumos e recensións sobre cuestións diversas a partires dos materiais bibliográficos, documentais e gráficos proporcionados para tal finalidade polo profesorado, e que dun xeito sistemático haberán de ser realizados polo alumnado e entregados por escrito ao profesorado para a súa avaliación (como sistema de seguimiento da aprendizaxe). Estas tarefas, que haberán de ter unha especial relevancia na súa realización e posta en común durante as clases interactivas. E tamén se incluirá a posta en común e presentación oral dalgúns destas tarefas durante estas clases interactivas presenciais.

2) O 70% da nota final da materia corresponderá á realización dun traballo individual de análise e revisión bibliográfica dun aspecto concreto da materia obxecto de estudo desta materia. Para iso o profesorado asesorará a cada alumno no deseño estrutural e de bibliográfica básica, e mesmo lle proporcionará materiais documentais e/ou gráficos, así como bibliográficos específicos, cos que poder desenvolver de xeito óptimo o devandito traballo. Unha vez entregado por correo

electrónico institucional no prazo fixado, o profesorado revisará e corrixirá o devandito traballo, outorgando a xusta cualificación ao mesmo.

En todas estas tarefas que haberá de realizar o alumnado para a súa avaliación, e segundo as indicacións da USC referidas ao plaxio e ao uso indebido das tecnoloxías, é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións*.

“Escenario 3: peche das instalación” pola USC

METODOLOXÍA DA ENSINANZA:

Só se poderá desenvolver a docencia de xeito virtual.

1) A docencia expositiva será impartida exclusivamente de xeito virtual, a partires do emprego dos mecanismos tecnolóxicos postos a disposición pola USC: aula virtual da materia, correo electrónico institucional, ferramenta TEAMS para conexión síncrona, etc. A gravación de vídeos coas clases expositivas por parte do profesorado para seren postos a disposición do alumnado na aula virtual complementarase coa posibilidade de impartir algunas clases a través da ferramenta para video-conferencias e reunións TEAMS. Así mesmo, proporcionarase ao alumnado materiais bibliográficos e gráficos de apoio en formato pdf, ppt, así como enlaces a páxinas web e outros materiais audiovisuais on-line que sexan axeitados como complementos de carácter didáctico e formativo.

2) A docencia interactiva será impartida tamén exclusivamente de xeito virtual. Estas clases están pensadas cunha finalidade práctica e de participación activa do alumnado, polo que se conciben como foros de posta en común de conceptos e métodos de análise e estudio, de resolución de dúbidas, e de ampliación e clarificación de determinados aspectos abordados nas clases expositivas. Neste caso terán como marco de desenvolvemento as plataformas e ferramentas virtuais como TEAMS, o “foro” e outras aplicación e ferramentas de intercomunicación da aula virtual da materia, así coma o propio correo electrónico institucional. Estas clases interactivas constituirán un mecanismo de avaliación continua dos coñecementos adquiridos polos alumnos ao longo das clases expositivas e de avance da súa aprendizaxe autónoma.

SISTEMA DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE:

Manterase o desenvolvemento dunha avaliación continua:

1) O 30% da nota final da materia corresponderá á avaliación de pequenos ensaios de reflexión, comentarios, resumos e recensións sobre cuestións diversas a partires dos materiais bibliográficos, documentais e gráficos proporcionados para tal finalidade polo profesorado, e que dun xeito sistemático haberán de ser realizados polo alumnado e entregados por escrito ao profesorado para a súa avaliación (como sistema de seguimiento da aprendizaxe) por medio do correo electrónico institucional ou dos instrumentos e ferramentas que para tal finalidade están contidos na aula virtual. Estas tarefas, que haberán de ter unha especial relevancia na súa realización e posta en común durante as clases interactivas que se poidan desenvolver on-line, poderán alternar a realización individual coa grupal por parte do alumnado.

2) O 70% da nota final da materia corresponderá á realización dun traballo individual de análise e revisión bibliográfica dun aspecto concreto da materia obxecto de estudo desta materia. Para iso o profesorado asesorará a cada alumno no deseño estrutural e de bibliográfica básica (con especial atención ás referencias bibliográficas disponibles on-line), e mesmo lle proporcionará materiais documentais e/ou gráficos, así como bibliográficos específicos, cos que poder desenvolver de xeito óptimo o devandito traballo. Unha vez entregado por correo electrónico

institucional no prazo fixado, o profesorado revisará e corrixirá o devandito traballo, outorgando a xusta cualificación ao mesmo.

En todas estas tarefas que haberá de realizar o alumnado para a súa avaliación, e segundo as indicacións da USC referidas ao plaxio e ao uso indebido das tecnoloxías, é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións*.